

# **MANUEL LUÍS ACUÑA UN MANANTÍO INESGOTABLE**

**Unidade didáctica  
(2º ciclo secundaria)**

**Ramón Nicolás Rodríguez**

## Índice

### 1. CRONOBIOGRAFÍA

Actividades

### 2. *FÍRGOAS*: UN LIBRO ÚNICO

Poemas de Acuña. Propostas de traballo

### 3. O MOTIVO DOS NENOS NA SÚA POESÍA

Actividades

### 4. ACUÑA A TRAVÉS DOUTRAS VOCES

Actividades

### 5. APÉNDICES PARA TRABALLAR MÁIS

# 1. CRONOBIOGRAFÍA

## **3-outubro-1899**

Manuel Luís Acuña vén ao mundo, as oito do serán, en Sobrado de Trives, na chamada casa das Dulas. Era fillo de Hermenegildo Acuña Caneiro, natural de Manzaneda –un concello limítrofe ao de Trives- quen exercía a docencia como mestre naquel lugar, e mais de Emilia Sarmiento Fernández, natural do propio Sobrado. O seu avó paterno, Manuel Acuña Malvar, nacera en Lourizán (Pontevedra), por certo tamén mestre, e a súa avoa, Benita Caneiro Fernández, era de Cima de Vila, en San Martín de Manzaneda, onde se instalaran no seu día. Por outro lado, os seus avós maternos, Maximino Sarmiento Domínguez e María Luísa Fernández Sarmiento naceran e vivían en Sobrado.

O matrimonio terá oito fillos: cinco mulleres e tres homes.

## **1899-1919**

O período da súa infancia e adolescencia vains pasar na súa terra natal. Realizará os seus primeiros estudos no colexio Santa Leonor, dos Irmáns das Escolas Cristiás da congregación de La Salle, na Pobra de Trives, e formará parte da primeira promoción do alumnado daquel colexio. Alí espertará a súa curiosidade pola literatura, pola lingua francesa e por diversas disciplinas que van ensanchar o seu horizonte intelectual. Ao tempo, cómpre non esquecer que, sobre todo a súa nai, será un viveiro inesgotable de refráns, modismos e xiros lingüísticos que tanto utilizará na súa obra literaria; asemade o coñecemento da realidade rural e labrega vénlle dado de primeira man, algo que vai combinando coa estadía demorada na casa dun familiar crego que contaba cunha ben fornecida biblioteca que o mozo Acuña visitará unha e outra vez.

## **1920**

Vai trasladarse a Allariz, onde se establecerá a súa familia por mor dun destino obtido polo seu pai. A proximidade a de Ourense permitiralle que comece os estudos, por libre, de Maxisterio naquela cidade que, daquela, comeza a ferver intelectual, literaria e politicamente.

## **1922-1923**

Vese obrigado a interromper os seus estudos debido a ser reclamado para cumprir o servizo militar. Obterá un destino próximo na Coruña, mais axiña é recrutado para forma parte das forzas expedicionarias de Marrocos nas denominadas “campañas de pacificación” contra Abd-el-Krim. Destinado ao servizo de aprovisionamento terá ocasión de relacionarse con Valentín Paz Andrade e mais con Ben-Cho-Shey.

## **1926**

Xa de retorno en Galicia, o 31 de marzo asina a súa primeira colaboración na revista *Vida gallega*, soporte cultural e informativo do que será un colaborador asiduo ata o ano 1931.

## **1927**

Vive en Santiago de Rubiás dos Mixtos, en Calvos de Randín.

Publica na revista *Nós*, no seu número 40, na sección do "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza" tres textos baixo o epígrafe de "Oraciós" cos títulos "Ao deitarse, "Padre nuestro" e "Outro", recollidos na Terra dos Mixtos, boa mostra do seu interese pola literatura de xinea popular.

O día 1 de setembro publica tamén unha composición no diario lucense *La Voz de la Verdad*.

## **1928**

Gaña a oposición en Santiago de Compostela, co número un da súa promoción, ao corpo de Maxisterio da Escola Pública.

## **1929**

Comeza a escribir no xornal ourensán *La Zarpa* onde verá a luz numerosas colaboracións.

O día 12 de febreiro dá inicio, asemade, ás súas colaboracións no diario santiagués *El Compostelano*, onde se reproducirán, descontinuamente, poemas seus até o ano 1941.

## **1930**

Desde o 27 de febreiro dirixirá *El Momento* desde a cidade da Coruña. Este xornal galeguista, de vida efémera e publicado nos obradoiros coruñeses de Anxel Casal, tivo que sobrevivir nunhas conxunturas sociais e políticas extraordinariamente desfavorables que determinaron a súa rápida desaparición. Colabora na posta en

marcha das “Escolas do Insiño Galego” que botara a andar Ánxel Casal na cidade herculina.

O 10 de novembro recibe o primeiro nomeamento para obter praza de escola en propiedade. O seu destino será Tibiás, no concello de Pereiro de Aguiar, preto de Ourense. Por estas datas establécese na rúa Ervedelo, antiga avenida de Francia, no barrio do Couto ourensán. Quen pouco despois sería a súa esposa, D<sup>a</sup> Amparo Sánchez, exercía a docencia en Cambeo, a once quilómetros da capital.

Nesta altura milita xa na Irmandade Galeguista de Ourense.

### 1931

No mes de febreiro comeza a publicación no *Heraldo de Galicia* –publicación dos nacionalistas ourensáns- dos seus “tri-ki-tra-kes”, enxeñosos textos poéticos escritos en castelán nos que recrea a actualidade política do momento, algúns deles polémicos e moi lidos.

Ao longo dos meses de abril e maio vai participar activamente nas campañas das eleccións a prol das candidaturas nacionalistas. Un cronista anónimo do *Heraldo de Galicia* do 25 de maio dese ano recolle a intervención dun Acuña orador en mitins celebrados en Lobios, Castro Caldelas, Gomesende e Vilar de Santos entre outros lugares, a cabalo entre o anticaciquismo, o nacionalismo e os contidos agraristas: “*Da la enhorabuena a los oyentes por haber comenzado a vivir una época de justicia y de verdad. Ataca duramente a los caciques, causantes de los males que afligen a Galicia. Explica el significado de las palabra nacionalista y da a conocer un punto del programa del partido: <<La Tierra para quien la trabaja>>. Termina animando a todos para que se unan bajo la bandera de la Sociedad Agraria, símbolo de la redención de la Tierra*”.

Aínda no mes de xuño consígnase a súa participación en diversos mitins na Pobra de Trives, Larouco e Manzaneda.

No mes de decembro afíliase ao recién creado Partido Galeguista.

### 1932

Desde comezos de ano comeza a colaborar desde o primeiro número da revista pedagóxica *Escuela de Trabajo*, no seo da A.T.E.O (“Asociación de Traballadores de Ensino de Ourense”). Formará parte en primeiro lugar do consello de redacción da devandita revista, logo desempeñaría a secretaría e, finalmente, integrarase na súa dirección ata a súa desaparición en 1936. Alí trabará amizade con Albino Núñez, Elixio Núñez, mestre en Cambeo, ou Luís Soto.

O 25 de abril contrae matrimonio con Dona Amparo Sánchez Rodríguez, na igrexa da Asunción de Viana do Bolo, concello do que ela era natural.

### 1933

Nace a súa primeira filla: María Teresa Acuña Sánchez.

Codirixe, co galeguista, poeta e futuro notario Xohán Luís Ramos Colemán, a páxina cultural "Viernes Literarios de *La Región*".

Publica no número 115 da revista *Nós* os tres sonetos de *Fírgoas* ("Afiador", "Mendiño" e "Segador"), un seu libro de poemas de inminente aparición.

O 16 de xuño entrégaselle o primeiro premio nun certame literario organizado en honra de Manuel Murguía que acadou pola composición "Romance da miniña do cego". Os actos desenvólvense no Teatro Losada de Ourense baixo a presidencia de Marcelo Macías e a secretaría de Xaime Pérez Colemán. No acto tamén interveñen Otero Pedrayo, a escritora María Luz Morales e Elvira Docet, miss-España. Esa mesma noite, no Hotel Miño, tributaráselle un banquete no que participan destacados personaxes da vida cultural galega como Risco, Otero, Blanco-Amor, Cunqueiro e outros.

O 6 de setembro sae do prelo dos obradoiros gráficos de Ánxel Casal, na editorial Nós, o seu libro *Fírgoas (Poemas 1930-31)*, saudado gabanciosamente en diversos medios como *A Nosa Terra*, *La Región*, *Heraldo de Galicia* ou *Escuela de Trabajo*, por Luís Manteiga ou Luís Soto entre outros.

O 5 de decembro, xunto con Armando Fernández Mazas, representa á Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense na conferencia "Frente Único Revolucionario".

### 1934

No mes de setembro resulta destinado por concurso á "Casa Escuela Concepción Arenal del Protectorado del Niño Delicuyente" de Madrid, institución clave no intento converter a escola nun lugar que dese esperanza e albiscase a liberdade para aqueles que máis o necesitaban, un lugar no que póren práctica a súa idea dun ensino diferente. Alí desempeñaráo seu labor docente ata o estoupido da guerra civil. Nestes anos madrileños Acuña frecuentará o trato cos galegos residentes en Madrid e outras figuras da xeración do 27 española, nomeadamente Federico García Lorca, a quen lle adicará un poema, datado en 1936.

### **1935**

Participa en *Resol. Hojilla volandera del pueblo*, nº 9, co poema "X X X". Trátase do segundo poema do “ciclo do neno” de *Fírgoas*.

### **1936**

Promove a creación do Ateneo de Ourense, figurando como vocal. Estreita relacións, cando retorna a Ourense, con personaxes do galeguismo da época, en especial cultivará a amizade co poeta de Valdeorras Florencio Delgado Gurriarán, a quen Acuña visitou en varias ocasións na casa natal de Córghomo do autor de *Bebedeira*. Outra amizade duradoira será co poeta Alcaide, con quen compartirá devoción pola voz de Antonio Machado.

A sublevación militar sorpréndeo no período de vacacións escolares en Ourense. Provisoriamente destínano ás Escolas do Hospital Vello, nas Mercedes ourensás, onde permaneceu até que foi depurado cando Madrid deixa de ser republicano na guerra civil. Asiste con arrepío ás consecuencias da brutal represión exercida en Galicia naqueles anos. Ao tempo, de cando en vez, recibe ameazas á súa integridade física.

### **1937**

Nace o seu fillo Ramón Luís Acuña Sánchez.

### **1939**

O 18 de febreiro recibe un estremecedor "Prego de Cargos" instituído pola "Comisión Depuradora del Personal del Magisterio Orensano", no que se lle imputan cargos falsos.

### **1941**

Con data de 25 de marzo prodúcese a destitución efectiva do corpo de maxisterio por unha orde ministerial.

### **1942**

Nestes anos duros comeza a desenvolver a súa tarefa docente na Academia Mercantil de Ourense. Posteriormente farao no Centro de Enseñanza Bóveda, na Alameda do Cruceiro, do que foi copropietario e director e ao que non puido darlle o seu nome a causa da súa

destitución profesional. A súa presenza e maxisterio converteu ese centro académico nun núcleo básico de formación de varias xeracións de ourensáns.

### **1945**

Reprodúcese na revista *El Orensano* de Buenos Aires, nº 9, o seu poema "Afiador", de *Fírgoas*.

### **1950**

Participa nos actos do Día de Galicia desenvolto en Santiago de Compostela e asemade, xunto coa súa muller, é un dos galeguistas que asiste á asemblea fundacional da editorial Galaxia.

### **1950-1970**

Adoita asistir a diversas tertulias literarias en Ourense como as do café Miño, Hotel Roma, Hotel Parque e outras. Segue o renacer da cultura galega e alecciona ou aconsella a novos escritores como Carlos Casares e outros.

Realiza diversas viaxes a París, a Port-Louis, preto de Lorient, na Bretaña francesa e a Portugal, países polos que sempre amosou admiración.

### **1955**

Participa na *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* de Francisco Fernández del Riego, unha redescuberta para moitos lectores do que significaba a súa poesía. Con todo, ao longo do franquismo negouse a publicar ningún libro de poesía máis: todo o que tiña que dicir, para el, xa estaba dito, e nun tempo de liberdade.

### **1959**

*Verán*. O seu nome recóllese no primeiro número de *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*. Na cuarta e derradeira entrega da revista Acuña volve aparecer como colaborador da revista. Con todo, non chegou a publicar ningún texto, aínda que si apoiou o proxecto de quen foi grande amigo seu: Luís Soto.

### **1961**

Resulta escolmado, co poema "Ronda" de *Fírgoas*, no volume *Poesía de Galicia contemporánea*, publicado por Alexandre Finisterre en México.

**1962**

Acuña participa, no mes de decembro, nunha páxina literaria extraordinaria de *La Región*, onde se recolle unha nota bibliográfica e se reproducen os seus poemas "Gris" e "Aldea", de *Fírgoas*.

**1966**

Recibe o reingreso no Corpo de Maxisterio, 28 de decembro, cando tal feito xa carecía de significación política, tres anos antes da súa xubilación.

**1968**

Péchase o Centro de Enseñanza Bóveda.

Participa no programa "Poetas de Galicia" de Radio Nacional de España na Coruña, onde se lle fai unha longa entrevista. É unha das escasas intervencións orais conservadas. Nela recita o poema "Romance da miniña do cego".

**1975**

No *Almanaque Galaxia* dese ano, no mes de agosto, reproducése o seu poema "Segador".

Falece en Ourense, o 19 de agosto ás cinco da mañá, cando pensaba reeditar o seu libro poético con novos textos. O seu enterro ten lugar no cemiterio de San Francisco.

Entre outros artigos que se publicaron á súa morte José Luís López Cid, o 24 de agosto de 1975 en *La Región*, afirmaba:

*"Acuña era esencialmente un poeta; lo era también en su figura y en su nombre, coincidente con el de un poeta romántico mejicano, muerto hace poco más de un siglo. Un sólo libro, Fírgoas, es toda su obra conocida. Luego, Manuel Luís se encerró en un silencio intencionado y pudoroso".*

**1979**

Reeditase *Fírgoas* mercé ao interese dos amigos do poeta Manuel Prego e José Luís López Cid. A edición, que viu a luz nos Obradoiros gráficos de *La Región*, contén diversos poemas inéditos.

Esta edición mereceu comentarios gabanciosos, entre outros, de Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, García-Sabell, Segundo Alvarado, Arturo Lezcano, Gwede, Adolfo Prego, Eduardo Blanco-Amor, Carlos Gurméndez e Celso Emilio Ferreiro.

O 10 de maio preséntase a devandita edición nos salóns do Liceo Recreo ourensán nun acto no que interviñeron o pintor Prego, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco-Amor, José Luís López Cid e Ramón

Luís Acuña, coa asistencia do alcalde de Ourense, José Luís López, e mais do presidente da Deputación de Ourense, Victorino Núñez.

### **1983**

O grupo escolar de A Carballeira, preto do Posío en Ourense, recibe o nome de Manuel Luís Acuña a proposta do Concello de Ourense. Ao acto oficial asiste José Luís Varela, quen fora director da revista Posío e amigo de Acuña.

### **1992**

Reeditase, por terceira vez o seu poemario *Fírgoas*, nesta ocasión en Edicións Xerais de Galicia.

### **1993**

Preséntase a devandita edición de *Fírgoas*, o 21 de maio, no colexio Manuel Luís Acuña. Contouse coa asistencia, entre outros, de Ramón Luís Acuña, o presidente da Deputación Xosé Luís Baltar, o escritor Carlos Casares e os editores do poemario Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás. Por esa altura, como ocorreu con outros escritores galegos, a empresa de transportes Castromil concédelle o seu nome a un vehículo da súa flota.

### **1999**

En novembro celébranse unhas conferencias en Trives en homenaxe ao autor na Casa da Cultura de Trives e nos locais do Centro Comarcal de Terra de Trives, baixo a organización de X. Carlos Domínguez, responsable do Servizo Lingüístico do devandito centro. Comezan a se preparar os actos conmemorativos do ano seguinte.

### **2000**

Publícase no mes de maio o volume que recolle os relatos galardoados no 1º Concurso Escolar Manuel Luís Acuña que organiza o Servizo Lingüístico Comarcal Terra de Trives.

En outubro celébrase o I Congreso Manuel Luís Acuña en Trives dedicado á súa figura e obra. Este coincide coa organización dunha exposición pictórica dedicada ao poeta e mais a descuberta dun busto á súa lembranza na súa terra natal entre outros actos. Nesa data tamén sae á luz o libro Manuel Luís Acuña, en Xerais, con edición plástica de Antón Pulido e edición literaria de Ramón Nicolás que inclúe colaboracións literarias, ensaístas e plásticas de máis de trinta colaboradores.

**2001**

Publícanse as *Actas do I Congreso Manuel Luís Acuña*, en edición de Xoán Carlos Domínguez Alberte.

**2002**

Nova edición de *Fírgoas*, na Biblioteca Galega 120 de La Voz de Galicia, con algúns poemas novos.

**2003**

Celébrase, outra volta en Trives, o II Congreso Manuel Luís Acuña. Publícase, asemade, unha peza teatral inspirada da biografía de Acuña a cargo de Xoán Carlos Domínguez Alberte baixo o título de *A natureza no reino da escuridade* (Concello de Trives-Deputación de Ourense, 2003).

**2004**

Edición facsímile de *Fírgoas*, que reproduce a edición orixinal de 1933.

**2005**

Publícanse as *Actas do II Congreso Manuel Luís Acuña*, en edición de X.C. Domínguez Alberte.

**2006**

III Congreso Manuel Luís Acuña, no mes de novembro, en Trives, coincidindo co Ano da Memoria.

## ACTIVIDADES:

Logo de leres a cronobiografía de Manuel Luís Acuña responde a estas cuestións:

1. Trives é unha vila de relevancia na biografía de Acuña. Porque? Sitúaa no mapa de Galicia e infórmate sobre ela: concellos limítrofes, características poboacionais, historia...
2. Acuña pertence a unha longa tradición familiar de mestres e el é un exemplo paradigmático do mestre republicano, as chamadas “luces da República”, represaliado.
  - Se a descoñeces procura o significado desta palabra.
  - Repara no contexto histórico no que se produce a súa destitución, cal é este?
  - Sabes dalgún mestre máis represaliado?
3. Acuña tivo que participar na guerra de Marrocos. Infórmate arredor das causas deste conflito e como se desenvolveu a súa conclusión.

Nesta guerra tamén coincidiron escritores galegos como Rafael Dieste ou Xosé María Brea. Intenta dar co nome dunha publicación que alí realizaron e fala un pouco dos seus contidos.
4. O Ourense dos anos 20 ao que se incorpora Acuña era un fervedoiro de actividades culturais e políticas. Que xeración literaria naceu alí arredor desas datas? Pertence Acuña a ela?
5. Cal é o título da obra de Acuña publicada no ano 1993. Que significa esa palabra? Houbo máis edicións deste libro? E outros libros do autor?
6. Investiga sobre a denominada A.T.E.O. (Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense) á que pertencía Acuña.
7. Acuña dirixe un xornal de orientación galeguista na Coruña. Que prensa deste carácter podemos ler hoxe?

8. Son numerosos os soportes informativos e as revistas nas que Acuña publicou e escribiu ao longo da súa vida. Apunta o título dalgunhas delas.

10. Acuña participa na fundación da editorial Galaxia. Infórmate da orixe desta editorial e investiga arredor das súas publicacións máis recentes.

11. O seu poemario, antes e despois da guerra, mereceu comentarios críticos moi abondosos e na cronobiografía cítanse algunhas persoas que se ocuparon de valorar os seus méritos. Revisade estes nomes e apuntade aqueles que sexan máis coñecidos para vós.

## 2. FÍRGOAS: UN LIBRO ÚNICO

*Fírgoas* é un libro único de Manuel Luís Acuña, basicamente por dúas razóns, non volveu publicar en vida ningún libro máis de poesía e, ao tempo, poucos poemarios da preguerra condensan con tanto acerto nun só volume os novos e renovadores ventos que sopraban na poesía galega dos anos trinta sen romper coa tradición poética de corte máis popular.

A súa obra literaria, encadrada nos límites xeracionais que abren Manuel Antonio e Amado Carballo, está moi condicionada, como se viu, polos acontecementos históricos do tempo que lle tocou vivir; acontecementos, que dunha ou doutra maneira, están na cerna do seu posterior e persistente silencio no que se refire á publicación, non tanto ao que foi o cultivo da creación poética, aínda que esta quedase oculta.

É claro, con todo, que as súas composicións gardan moita vinculación con respecto á produción de autores da lírica galega como Rosalía, Lamas Carvajal, certo Curros, e coas pegadas de Amado Carballo, Cunqueiro ou Manuel Antonio, amais da lírica de procedencia española representada por un Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, e os seus coetáneos da xeración do 27 Rafael Alberti ou Lorca.

### ***O poemario***

*Fírgoas*, o seu único poemario, comeza cun texto a modo de prólogo, titulado "Fírgoas" que é unha proposta renovadora e moi singular na que se rastrexan abondosas asociacións conceptuais e simbolizacións -aparentemente ilóxicas ("Fírgoas de lus ou de soma / Fiestras abertas ó sorriso da raiola / Grípolas onde aniñan xiadas e curiscos")- pero que procuran explicar o título do volume. Hai un desexo de invitación a explorar o seu universo onde as "fírgoas" se filtran e invaden toda a natureza, adobiado cun léxico vangardista ("Hai fírgoas intermoleculares, interatómicas").

A estética máis relevante deste poemario xira arredor dun espírito de esencialización, de procurar unha expresión limpa, na que o lector exerza por si só o labor de reconstrución ou de asociación entre as imaxes; mais tamén é evidente a presenza de riscos de carácter hilozoísta de mans dadas con outros de xinea neopopularista,

alén doutros ecos da poesía española da época e a dos seus coetáneos da xeración do 27 como antes amentamos.

Poemas como "Aldea", "Alcipreste", "Gris", "Fume" e algúns máis, evidencian o Acuña máis orixinal e innovador. Son estes, pois, uns dos exemplos máis extremosa e radicalmente vangardistas da lírica galega de preguerra e que sitúan ao noso poeta ao carón de autores máis coñecidos e tratados preferentemente pola crítica como Manuel Antonio, Amado Carballo ou Álvaro Cunqueiro.

*Fírgoas* presenta microciclos poéticos, dedicado a distintas persoas, e os poemas que se inclúen en cada sección coinciden con diferentes estruturas compositivas e con variadas temáticas que probablemente fosen da preferencia ou gusto do personaxe citado.

Actividades:

-Procura un exemplar de *Fírgoas*. Rastrea o nome das persoas ás que se lle dedica algún microciclo poético e investiga quen son.

-A que xeración poética se adscribe a obra de Manuel Antonio ou Amado Carballo? Manuel Luís Acuña pertencería á mesma?

-No ano 1933 publícanse, amais do libro de Acuña, os seguintes poemarios: *Nao senlleira*, de Fermín Bouza-Brey; *Codeseira*, de Xosé Crecente Vega; *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño e, *Cantiga nova que se chama riveira* e *Poemas do si e non*, de Álvaro Cunqueiro. Procura información sobre estes títulos e autores na rede (<http://bvg.udc.es/>)

### ***Poemas de Acuña. Propostas de traballo***

#### **A**

Nas publicacións de *Vida gallega* aparecen poemas do autor que, máis tarde, adquieren unha nova aparencia o seu libro. Eis dous poemas: "Noite de inverno", publicado no número 507, de 30 de decembro de 1931, e o número catro do apartado "O neno":

-Noite de inverno-  
Co fuso d-un alcipreste  
e a roca d-un campanario  
a noite vellina fía (sic)  
o liño azul dos zalayos

Vai un ventíño que tolle  
de cara a banda do río.  
Ay! No adro da igrexa probe  
morren os mortos co frío.

Ládranlle os cás de palleiro  
as néboas de medía noite  
que, coma lobos famentos,  
faíscan nivand'o monte...

Letanía dos regatos,  
orapronovis da choiva,  
responsos do vento oeste  
pol-as folliñas difuntas

¡Un pater nostre, amantiños,  
pol-a Lua e pol-a Terra!...

Pol-os arvres nós e vellos,  
pol-os paxaros sin niño,  
pol-os camiños da serra  
pol-as cruces dos camiños.

4

Alcipreste.  
Campadario.  
A noite velliña fía  
liño preto de salaíos.

E como brúan os medos  
nos ameneiros do río.  
No adro da igrexia probe  
morren os mortos co frío.

Polas estrelas difuntas.  
Polas arbres.

Polo vento pelerino.

¡Ai!  
¡Meu fillo, meu probe fillo!

- Que diferenzas de corte lingüístico atopas nos dous poemas?
- Repara nos cambios que se operan entre os dous comparando os versos das dúas versións. Que conclusións tiras?

## B

No agro encorou o tempo  
e só camiñan as nubes

Aldea sono  
Aldea esquezo  
No agro dormen luces.

Noite no corpo e na alma  
Na alma e no corpo sures.

Fame.  
Frío.  
Fume.

No agro non comen beben  
chocolate nin azucre.

- Que atopas de estraño nesta composición? Que é, ao teu xuízo, o que falta entre os versos?
- Procura o poema "Sós" de *De catro a catro*, onde Manuel Antonio emprega un procedemento moi semellante na última parte do poema.

## C

Peto de ánimas

Esfinx.  
Berce e cova de distanza.  
Agulleiro de camiños  
Dúbida pedrificada:

¡Si prá lúa, maina lúa,  
o meu vieiro guiaras!

Rosa dos ventos.  
Cimiterio das pegadas.  
¡Ai, eco  
si eu tamén multiplicara!

- Que é un “peto de ánimas”?
- Cal é o asunto da composición?
- Que sensación tes respecto do espazo e do tempo no poema?
- Repara na modernidade do poema. O lector ten que ser activo pois, como en tantos outros poemas, elimínase o elemento narrativo, suprímense nexos gramaticais, e lector debe reelaborar esa mensaxe.

## D

Gris

Nin branco nin preto. Eso.  
Nuo. Orfo  
Sin tremores de ríos nin badaladas de páxaros.  
Sin ritmo de astros nin estraligos de noite medoñenta.  
Sin oubeo de lobos, cando o vento galga por cómaros e crevadas.  
Sin salaios de arbres, cando asolagan rosas nos remuíños do solpor.  
Periférico.  
Sin cerne nin miola.  
Chairo.  
Sin apertas de curvas nin adeuses de penedías.  
Gris.

- Repara neste poema e na reflexión poética sobre algo tan complexo como é unha cor.
- A que se asocia ese concepto de “gris”? Repara no léxico de filiación natural que aparece no poema: por que cres que se utilizan estes termos?

## E

## PRESENTIMENTO

Todos eran a facer suposicións  
sobor dos meus invernos craros e mornos.  
Ademirábanse porque me vían a paseo  
nas seras ventosas e lostregantes.  
Eu decíalles: Por nacente ou polo sul.  
Ademirábanse ó verme abanear os castiñeiros  
nos días fartos de sol.  
Eu decíalles: Ela -a xustiza, a verdade-  
ha de vir nunha alborada de luz,  
regalando paxaros a mancheas.  
Por eso eu monto a carranchapernas nas ponlas verdes,  
Bambeándome na bris solporeña,  
mentres percorren meu corpo  
correntes soaves do álboro en frol.  
Por eso rubo as penedías máis outas  
i engatuño polos eidos máis despídos  
pra benzoar as terras, os homes e as cousas.  
Porque ela -a xustiza, a verdade- ha de vir.  
Polo norde ou polo sul.  
Coando fervan en cores de primaveira  
Os carreiriños do val.  
Por nacente ou por poñente.  
Coando o vento acotife maino  
as fiestras das namoradas.  
Ela ha de vir  
-a Xustiza, a Verdade.  
Ela ha de vir.

- Este é un dos derradeiros textos coñecidos do poeta. Posúe certo carácter profético... mais onde se pode ver esta idea? Que actitude diante da vida confesa a voz lírica e que é o que fai?

Los del monte y los del valle,  
camaradas:  
Para vosotros digo  
para vosotros hablo  
¡Oh si me escucharais!

-Pero estos campos a yermo... Pero estas chozas desnudas.  
Y la carga de las nubes tan pesada,  
y la cruz de las veletas siempre fría,  
y las carnes aguzadas...  
No es posible... No es posible...-

¡Oh si pudierais sentir la música de las palabras!  
Los de mar y los de tierra,  
los del norte y los del sur,  
camaradas...  
Llenaríais de aroma los arcaces,  
gozaríais del sol a carcajadas,  
borraríais con seda las arrugas  
de vuestras telarañas...

-Pero estos remos trabados... Pero estas bocas cosidas.  
Y la sombra de los miedos siempre en guardia.  
No es posible... No es posible.-

Para vosotros digo,  
aradores del mar y de la tierra,  
para vosotros hablo.

Que la voz no se pierda en mi garganta.

Ano 1936 c.

-Acuña tamén escribiu parte da súa obra en castelán. Moita dela consérvase aínda inédita. Velaquí unha mostra dun poema escrito no ano 1936 tirado entre os papeis do poeta. Segundo este dato, como interpretarías o significado desta peza?

### 3. O MOTIVO DOS NENOS NA SÚA POESÍA

Acuña prestou sempre unha especial atención ao mundo da infancia como protagonista de gran parte dos seus poemas, como outros autores tamén fixeron dun xeito extraordinario (velaí o caso de Luís Pimentel).

*Fírgoas* presenta un bloque poético que conta con catro poemas dispostos baixo o epígrafe "O neno", a estes cómpre, cando menos, engadirlle dous poemas que co título homónimo de "Os nenos" se acrecentaron na edición de 1979, o que evidencia o ensanchamento do horizonte desta preocupación literaria e patentiza a súa decidida predilección por explotar tematicamente este motivo desde os seus primeiros exercicios creativos publicados.

Nos poemas vehicúlanse e transmítense clarísimas connotacións solidarias, sensitivas e comprensivas que lle outorgan unha relevancia nuclear na súa produción seguindo ese camiño tan peculiar consistente en desenvolver un argumento, unha idea ou un concepto que con anterioridade impresionara sensitivamente ao poeta e que o converte en expresión poética empregando a partes iguais cerebro e corazón en afortunada conxunción.

Esta predilección e reiteración temática ten moito que ver, claro é, cunha das vocacións da súa vida como foi a práctica da docencia, algo por outro lado que viviu no entorno familiar e ao que hai que engadir a particular devoción polo mundo da pedagogía como se amosa na vizosa actividade levada a cabo na "Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense", como órgano non oficial do máis salientable movemento de renovación pedagóxica en Galicia no ámbito da Segunda República, a estreita colaboración e mesmo dirección da revista voceiro desta asociación: *Escuela del Trabajo*, alén dos numerosos artigos de corte pedagóxico, daqueles que reflexionou verbo da condición do mestre e os seus problemas, ou mesmo as diversas reflexións sobre os novos libros que postulaban teorías educativas consideradas revolucionarias na

época.

Nos seus primeiros textos seus primeiros textos dispersos en revistas xa se rastrexaba a presenza deste motivo: no poema "Nai e fillo", publicado no número 333 da revista *Vida Gallega* o 28 de febreiro de 1927, xorde a súa intención de retratar, a través da construción dun cadro impresionista-realista, unha escena tirada da vida cotiá na que o neno dorme e a súa nai vela a tranquilidade do seu sono e descanso. Nunha segunda parte da composición o poeta escribe:

O neno soña... A súa veira

Ficou a súa nai durmida

De fozos na cabeceira.

Hai outimismos da vida...

Repinicar de muiñeira.

Y-arredor do berce amado

Os anxos fan o entrenzado.

Velaquí un *locus amoenus* retratado a través da elaboración dun cadro familiar onde, cun inevitable protagonista infantil e aínda que a xeito de elemento contextualizador e ambiguo, xorde a figura do "anxo", moi asociado na poesía acuífana coas evocacións sensitivas que produce o estadio infantil. Desde fóra o poeta parece contemplar un cadro rural deseñado con benevolencia onde a busca da emotividade.

-Actividades:

1. Procura información sobre Luís Pimentel e tenta ler algún poema seu sobre os nenos.

-Que é un locus amoenus?

2. Le este poema de Acuña e analiza a súa visión do mundo da infancia:

Os nenos

Todos os nenos do mundo son meus,

brancos e pretos.

todos os nenos.

Todos os nenos son anxos de Deus.

Os nenos, os nenos...

ceibade paxaros,

guindade luceiros,

porque estou moi canso,

porque sinto medo,

porque xá vou vello,

¡traguédeme os anxos!

¡traguédeme os nenos!

3. Acuña foi tamén, como sabes, pioneiro en aplicar novas tendencias pedagóxicas. Nun texto escrito no ano 1932 afirma sobre a aplicación dos métodos para incitar a lectura nos máis novos:

“o método ideal sería aquel en onde as letras danzasen como en letreiro luminoso, as palabras soasen, ou, se se quere, resoasen –as estridencias con grandes excitantes-, as frases rabuñasen a pel e todo o conxunto ulise e gustase a caldo familiar, a xoguete, a neno...”.

Reflexiona por escrito e brevemente sobre a lectura e as sensacións que che produce a lectura dun poema ou dun relato.

#### 4. ACUÑA E A SÚA OBRA A TRAVÉS DOUTRAS VOCES

*Tolerante*  
*Ramón Luís Acuña*

Era tolerante sen que tolerancia significase para el induldencia. Dicía cos clásicos que "só se pode ser intolerante coa intolerancia". Cando eu cheguei á Unesco, as ideas de tolerancia, de repugnancia pola violencia e a guerra, de defensa da paz, de respecto ós dereitos humanos e, naturalmente, de democracia soábanme. Eran as ideas de meu pai. A súa elegancia moral impediulle sen dúbida, por exemplo, sinalarme co dedo á autoridade académica que asinara o seu prego de cargos, documento que logo apareceu pola casa. Nunca me dixo "ese foi", de certo para non transmitir xenreira, nin tampouco me revelou quen declararon en contra súa, quizais para que o ciclo se detivese e o seu mal fado xa non me acadara nin a min nin á miña irmá, María Teresa Acuña Sánchez.

*Opulencia plástica*

*Domingo García-Sabell*

A fluidez dos seus versos, a súa versatilidade formal, o que a min se me amosa como a súa opulencia plástica, son tan patentes e teñen tal forza, que de seguida captan a sensibilidade do lector e parálizana nesa inicial sensación. *Fírgoas* pon ó aire e revela unha faciana moi galega. Esa faciana que nós, os non poetas, a penas somos quen de debuxar traballosamente.

Desde a súa específica perspectiva, unha faciana entrañable de Galicia fica, pois, revelada. A nós presentada. Para nós ofrecida. Manuel Luís Acuña entréganola, desde o máis alá, cun aceno xeneroso. E, por iso mesmo, en nós fica inscrita para sempre.

*Manantío en Galicia*

*Francisco Fernández del Riego*

Do que non hai dúbida é de que Manuel Luís Acuña tiña o seu manantío en Galicia. Engadiu moito da propia colleita, da súa personalidade e da súa época. Descóbrese en *Fírgoas* matices, saberes, metáforas, que marcaron indeleblemente o selo da contemporaneidade que o poeta viviu.

*Integridade*  
*Celso Emilio Ferreiro*

Unha homenaxe, nunca mellor diríamos que merecida e xusta, non só pola personalidade do poeta e a cualidade da súa obra, senón tamén como expresión de solidariedade e recoñecemento a unha actitude de integridade e afouteza fronte á adversidade que, en tempos de miseria espiritual, lle azoutou rigorosamente e que, sen dúbida, o levou a se autosilenciar como poeta de primeirísima fila.

*Un Rimbaud nórdico*  
*Carlos Gurméndez*

De fonda vea tradicional galega, (*Fírgoas*) é un libro intimista e fundamentalmente lírico, mais cun dramatismo que sorprende. Poesía concretada, demoucada de sobexos e queixumes, tan adoitos na poesía galego-portuguesa, contén o sufrimento íntimo e limítao por un coidado cálculo racional. Como toda poesía lírica verdadeira, só polas *fírgoas* ou fendas se debuzan misterios reveladores, átomos escintilantes que descubren e ordenan. Este reino escuro dos nosos sentimentos Acuña éncheo de iluminacións, tal un Rimbaud nórdico.

*Lírica intimidade, solidariedade*  
*Eduardo Blanco-Amor*

A poesía de Acuña ficará na perspectiva do tempo entre a lírica intimidade e a súa proxección sobre o país natal, non só como imaxe estética senón como solidariedade dos homes que a traballan, que a aman e que a sofren non somente como mantencia senón integrados nela, sentida como Terra Nai.

*Unha primavera*  
*Álvaro Cunqueiro*

O poeta ten un dicir enriquecedor do mundo, e hai que escoitalo como quen escoita unha primavera, feita de áer verde, de paxaros, de ventos que pasan da lúa ás estrelas, de fontes e de asombros de corazóns saídos do trínque pra os que todo o que vive, vive e pode ser adepresado con verbas como olladas.

*D. Manuel*  
*Carlos Casares*

Don Manuel acolleume con entusiasmo, como se me coñecese de sempre, mandoume sentar ó seu carón e púxose a falar con detalle, facendo gala dunha boa memoria, dos textos meus que lera uns días antes. Cada palabra de eloxio que me dedicba, a miña felicidade ía en aumento.

Non sei que don Manuel foi consciente do que aquelas palabras de alento significaron para min, pero teño a sospeita de que chegou a sabelo, polo menos despois.

*Como un pan de grao autóctono*

*X.L. Méndez Ferrín*

Galego amasado con sustancias montesías, coma un pan de grao autóctono ou unha purrela das ribeiras altas, é a lingua que nos dá, e nos aprende, Manuel Luís Acuña.

*Veneración*  
*Alfredo Conde*

A veneración que o meu pai sentía por Luís Acuña concretábase nunha palabra: *Fírgoas*. Esa era o título do seu libro de poemas. Meu pai morreu, onde vai a data, hai máis de trinta anos, e, aínda non hai uns minutos, miña nai, felizmente viva e activa, recitoume por teléfono un poema do libro que cito. Un poema que fala do vento.

*Mestría*  
*Basilio Losada*

O que máis nos sorprende hoxe na poesía de Acuña é a mestría técnica, a seguridade de factura, que corresponde á posesión duns recursos de seu, moi meditados e experimentados. Acuña é un poeta plenamente representativo do que foron as vangardas galegas.

*Ollos renovados*  
*Anxo Tarrío*

Nunca procurou Manuel Luís Acuña o verbo doado, a imaxe sobada, o léxico percorrido xa polos poetas que o precederan. Polo contrario, a pesar de se achegar el a temas que poderían xustificar unha linguaxe transparente na súa referencia asentada e xa que logo directamente recoñecida polo lector sen ningún esforzo pola súa parte, sempre o noso poeta escorza e dobrega a lingua para facernos ver a realidade con ollos renovados

*Poética pura e esencial*  
*Darío Villanueva*

Samuel Taylor Coleridge definía a poesía como "the best words in the best order", as mellores palabras na orde mellor, e non moi afastado desta poética pura e esencial fica Manuel Luís Acuña.

*Polifónico e poliédrico*  
*Ramón Nicolás*

A súa poesía perfírase como unha harmónica mestura de influencias culta e popular, como aquilatada mostra da aclimatación de certo espírito vangardista coa tradición lírica precedente, conformando, en resumo, unha compacta estética marcada pola polifonía, como tamén é polifónico e poliédrico o seu labor publicista e profesional.

### *Maxisterio ourensán da posguerra*

*X.C. Domínguez Alberte*

Xa nos anos corenta, no medio daquel ermeiro vital e de intelixencia foi nalgunhas academias de ensinanza onde se colleu a remuda dos ideais de democracia e de defensa, *per se*, dos valores da persoa, a laicidade e, dende logo, unha crítica soterrada ao réxime. (...) Non sería en absoluto alleo Acuña a este feito. Ben pola contra, protagonizou unha intensa actividade no maxisterio ourensán de posguerra.

### *Xornalismo entre 1931 e 1936*

*Marcos Valcárcel*

Unha sintética valoración do que supuxo no seu tempo o xornalismo republicano de preguerra no conxunto galego e a exposición da realidade do xornalismo ourensán entre 1931 e 1936, na que se inserta de pleno a obra de Manuel Luís Acuña constitúen perspectivas complementarias e poden quizais deitar un pouco de luz sobre o marco cultural e social no que se xera e aboia a obra poética e xornalística do autor de *Fírgoas*.

### *Tradición simbolista*

*Carlos L. Bernárdez*

Acuña súmase conscientemente ao labor desempeñado por outros poetas da súa xeración de renovación da nosa poesía, que con eles se incorpora de xeito definitivo ao tronco da tradición simbolista e a actualización desta mesma tradición.

-Actividades:

-Realiza un texto no cal se integren algunhas das ideas principais que aquí se antologan e que definan a importancia de Acuña como persoa e como poeta galego.

-Realiza unha ficha breve cos datos persoais e a súa obra dalgúns dos autores arriba amentados: Eduardo Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro... A estes autores..., dedicóuselle o Día das Letras Galegas? E a Acuña? Cres que o merecería?

## *APÉNDICES para traballar máis:*

### **A**

"Contos enxebres: O lobo", en *Vida gallega*, núm. 300, 31 de marzo de 1926. Velaquí unha das escasas mostras conservadas, polo de agora, da prosa en galego dun primeiro Acuña. Le o texto e logo responde ás seguintes cuestións:

Mozo tan valent'e fornido com'o Roque da Leiloa, non-o había en cen legoas a redonda. D'estatura xigante, e c'unhas maus tan fortes, qu'o mesmo servían pr'a barrer unha festa zarabatend'a moca, como prá collers'a rabela d'o arado, ou carregar un carro d'estrume n-un intre.

Taes extremos de forza xa lle viñan de casta.

Contábase d'o pai de Roque que, nunha ocasión en qu'o carro se ll'atuira n'unhas lamas, i-adoecido porqu'os bois non lle turraban, dexunguiu o d'a dreita, e poñéndose no canto d'il, fixo andar o carro cal si de puma fora...

Nada ll'importab'o mozo qu'a noite fose rél; que chovese, nevase ou qu'andiveran os lobos na serra. Il saía sempre, c'a manta lombo i-un fungueiro na mau...

Certa ves, en qu'o ceo estaba tan mouro com-os panos d'un enterro, retornaba Roque d'o cortexo asubiando unha tonada, qu'adeprendera no servicio, pr'escorrental-o medo (pois anque antr'a xente se mostraba tan valente, cando ia solo era outra cousa)...

O pronto, viu un bulto no medio d'o camiño que viña car'il. Arripióusell'o corpo i-os cabelos puxéronselle de punta. -iE o lobo!- marmulou vantend'os dentes... Deus m'empare! -dixo-; i-encomedádos'a Virxe d'os Miragres de tudo corazón, arremeteu contr'o bulto con tal forza que, o pirmeiro fungueirazo deu co-il no chán.

Cand'o viu tumbado, teso coma un garrote, sospirou desfogadamente e díxo: ¡Qué lobo tan grande!; mesmo pares un burro. Cando sepi-a Xaviera que fun eu o qu'o matei, ique contente se vai por!..., e virándose car'o bicho que seguía sen bulir e, como si fora unha persoa faloull'ansí: - Pr-a que vexas qu'un home non é un caxato.

Tí, lobo, viñeches hachar a morte cando cobizabas unha presa pr-a pasál-a noite: "ir por lá e saír esquilado"...

Preto, xa, do lugar topou c'unhos veciños qu'alumeados d'un fachón ian pol-o camiño qu'il trouxera.

-¿Pr'onde vades -falou Roque o reconocelos.

-Imos buscál-o burro de Perome que se ceibou d'o curral a noitiña e aínda non apareceu -contestoull'un diles.

-¿Ti que dis?...

-Si, hó, perdeus'o burro de Xerome.

-i.....!

(Non perciso decirvos que Roque nada contou d'o caso que c'o lobo ll'acontecera).

Manoel L. Acuña

Actividades:

-O texto evidencia o seu dominio do galego oral de contido marcadamente ruralista e costumista. Rastrexo, desde un punto de vista lingüístico, os usos que máis chaman a túa atención.

-Que outros relatos, de xinea oral ou non, sobre os lobos coñeces? --

-Liches algún relato literario sobre o asunto dos lobos? Lembras o seu argumento?

-Procura na edición de Fírgoas un poema no que aparezan tamén os lobos e compárao con este texto.

## B

No ano 1955 Acuña envíalle a Francisco Fernández del Riego unhas anotacións para que fosen incluídas na *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos* que el preparaba. Engadíronse nese libro editado en Galaxia no ano 1955.

Nesas anotacións, logo de manifestar que naquel momento vía a poesía galega desorientada, con múltiples estéticas coas que non parecía comungar; amosa a súa veneración por Manuel Antonio e Amado Carballo ao tempo que el se inclúe dentro de "un fato de rapaces novos" que tentaron tamén, nesa mesma liña, outras achegas.

Velaquí as súas palabras:

Coido que os poetas de agora andan un pouco a toutiñas, chiando eiquí e acolá como paxaros sin niño. Ouservo que algúns ollan o pasado e zugan nil pensando nun novo Renacemento; outros expremen todo o que poden no acervo do século; arestora hainos que fan unha escapadiña ós crásicos, pra voltar de presa ós moldes, xa cómodos, de Juan Ramón, Machado ou Lorca. Pero apenas teño visto calisquera cousa persoal aproveitabre.

No tocante ó galego, Manuel Antonio e Amado Carballo entendo que foron os que sinalaron e abriron camiños amplos á nosa moderna poesía. Porque eran grandes poetas, e galegos de corpo enteiro: no pensar, no sentir e no falar.

Acarón de aquela arela de rexurdimento que iles espertaron, desembrullouse un fato de rapaces novos, que, si ben camiñando polos mesmos vieiros, adiantaron a obra, buscando na forma a craridade e a xusteza; no fondo a seriedade; na temática os asuntos máis alonxados da churimicada crásica, asuntos humanos, universás. Mais non criaron ambiente. A poesía galega seguíu fechada nos curros dos poetas.

Temos que nos desenganar: namentras non esistan lectores, moitísimos lectores, a poesía galega será sempre de hourizontes limitados. O remedio quizaves estivese en faguer o verso do pobo; verso lixeiro, que cante pra os que están tristentos, e brinque pra os que sofren de parálise espritoal. Prodiguemos a semente, que, si

algunha cai nas silveiras ou nas penedías, outra chegará a terra de regadío e froitificará.

Actividades:

- Sabes o que é unha poética? Procura a palabra dun dicionario.
- Repara na última apreciación do texto de Acuña, de corte máis sociolóxico, sobre a necesidade de lectores. Cres que esa aseveración ten aínda hoxe actualidade?